

ACTA DE APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS DO “SOBRE B” DO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO DE “SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS NA PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL” DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 10:00 horas do día 22 de marzo de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do “**PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO DE “SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS NA PRAIA FLUVIAL DE TAPIA E NAS PISCINAS DESCUBERTAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL” DO CONCELLO DE AMES**”

ASISTENTES:

Presidente:

Genma Otero Uhía, actuando en substitución de José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames e responsable da Área de Deportes.

Vogais:

M^a Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames

José Antonio Rueda de Valenzuela, interventor do Concello de Ames

José Rogelio Pardo Martínez, xefe do servizo de contratación do Concello de Ames

Secretaria:

Rosa M. Tubío Piñeiro, auxiliar administrativa do departamento de Contratación.

Está presente Dania Pensado con DNI 44841216-W, que manifesta que acude en representación da empresa Emsebur S.L. e Lucía Piñeiro con DNI 47364946-B que manifesta que acude en representación da empresa Serviplus total S.L.

Na sesión da mesa de contratación de data 18 de marzo de 2016, procedeuse á apertura dos sobres “A”, que contiñan a documentación administrativa, obtendo como resultado que todos os licitadores presentaron a documentación requirida nos pregos de cláusulas administrativas, declarando polo tanto a admisión de todos os licitadores presentados a este concurso.

Empresa	CIF
Federación de salvamento e socorrismo de Galicia	G-27033737
Podium Gestión Integral S.L.	B09528373
Barbatana S.L.	B15604432
Hebe Sport S.L.	B15890809
Eulen S.A.	A-28517308
Viraxes S.L.	B-70213061
Seforgasa S.L.	B-70255260
Ebone Servicios Educación Deporte S.L.	B-73405599
Serviplus total S.L.	B-70019294
A Billarda S.L.	B-27278845
Patarruxo Lecer e Tempo Libre S.L.	B-94127677
Esproade S.L.	B-15664816
Cruz Roja Española	Q2866001G

Aunar Group 2009 S.L.	B-43993039
Move Servicios de Ocio y Deporte S.L.	B-70311618
Emsebur S.L.	B-09347576
Axiña Servicios Deportivos S.L.	B-15835721

Tipo de licitación: 216.572,28 €uros, máis 45.480,17 €uros de IVE, resultando un importe total de 262.052,45 €uros para a totalidade do contrato (CATRO TEMPADAS (2016, 2017, 2018 e 2019).

A continuación procédese a apertura dos sobres B que conteñen as proposicións económicas dos seguintes licitadores declarados admitidos:

Empresa	Oferta	IVE	Prezo total
Federación de salvamento e socorrismo de Galicia	194.000,00	40.740,00	234.740,00
Podium Gestión Integral S.L.	191.329,45	40.179,19	231.508,64
Barbatana S.L.	190.971,00	40.103,91	231.074,91
Hebe Sport S.L.	53.950,00	11.329,50	65.279,50
Eulen S.A.	159.600,00	33.516,00	193.116,00
Viraxes S.L.	86.580,92	18.181,99	104.762,91
Seforgasa S.L.	208.553,28	43.796,19	252.349,47
Ebone Servicios Educación Deporte S.L.	168.709,81	35.429,06	204.138,87
Serviplus total S.L.	156.000,00	32.760,00	188.760,00
A Billarda S.L.	44.990,00	9.447,90	54.437,90
Patarruxo Lecer e Tempo Libre S.L.	197.080,76	41.386,96	238.467,72
Esproade S.L.	185.900,00	39.039,00	224.939,00
Cruz Roja Española	198.437,29	41.671,83	240.109,12
Aunar Group 2009 S.L.	181.920,48	38.203,30	220.123,78
Move Servicios de Ocio y Deporte S.L.	171.800,00	36.078,00	207.878,00
Emsebur S.L.	192.749,32	40.477,36	233.226,68
Axiña Servicios Deportivos S.L.	175.546,14	36.864,69	212.410,83

Polos membros da mesa de contratación conséntase, e así se manifesta aos presentes, que en principio e a vista do importe das ofertas en xeral, existen claramente 3 ofertas anormalmente baixas, concretamente as correspondentes as empresas Hebe Sport, S.L., A Billarda, S.L e a de Viraxes, S.L. No que respecta a este último caso o licitador varía o modelo de proposición económica e especifica que a oferta se corresponde aos 2 anos iniciais do contrato, cando no modelo da oferta económica incluído nos pregos se indica especificamente que a oferta debe ser formulada pola totalidade do contrato entendida como os 4 anos de duración máxima establecido.

En relación con esta cuestión o artigo 84 do Real Decreto 1098/2011, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas dispón que "se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese o presuposto base de licitación, variara substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa en resolución motivada. Polo contrario, o cambio ou omisión de algunhas palabras do modelo, con tal de que o un ou a outra non alteren o seu sentido, non será causa bastante para o rechazo da proposición". A oferta formulada por Viraxes, S.L varía substancialmente o modelo establecido, pois onde tiña que poñer o prezo correspondente aos 4 anos da totalidade do contrato, varía o modelo do prego e fai referencia a un "prezo ofertado contrato inicial" (2 anos), cando o que se solicitaba no modelo de proposición era o prezo polos 4 anos posibles de duración do contrato. A mesa considera que non pode arrogarse a facultade de extrapolar a oferta económica aos 4 anos (**multiplicando x 2 o prezo ofertado**), pois non pode en ese sentido suplir a vontade do licitador. A oferta formulada deste xeito tamén crea unha incertidume en canto a se a vontade do licitador é de tan só executar 2 anos de contrato, e non os 4 anos máximos establecidos, e incluso se o prezo ofertado para os 2 anos iniciais se mantería para os

restantes 2 anos, sen que neste intre procedimental (no que xa se coñecen as ofertas dos licitadores) sexa posible admitir aclaracións á oferta, pois vulneraríanse os principios de igualdade e concorrencia. De acordo co anterior a Mesa de contratación de acordo co indicado no artigo 84 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas acorda RECHAZAR a devandita oferta polos motivos indicados.

Ante as ofertas presentadas polos licitadores e o obxecto de comprobar se existen ofertas económicas que poidan considerarse desproporcionadas ou anormais, en primeiro lugar procédese a realizar os cálculos da media aritmética das ofertas presentadas e declaradas admitidas (**excluíndo a presentada por Viraxes, S.L por ser rechazada polos motivos indicados anteriormente**). A baixa media dos licitadores cuxa proposición non foi rechazada é do 22,90% respecto do tipo de licitación, polo que aplicando a fórmula contemplada nos pregos da licitación para considerar as ofertas como temerarias (*artigo 85.4 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas*) resulta que as proposicións económicas formuladas por Hebe Sport e A Billarda **incorren en supostos de ofertas temerarias** pois as súas ofertas son inferiores en máis de 10 unidades porcentuais respecto da baixa media aritmética (22,90%) das ofertas presentadas. De acordo co establecido no artigo 85.4 do RGLCAP e calculando unha nova media, excluíndo as ofertas superiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética, a oferta media pasa a ser de 33,39 %, e o límite da oferta temeraria pasa a ser do **43,39 %**. A proposición de Hebe Sport presenta unha baixa dun 75,09% e A Billarda dun 79,23%, polo que continúan sendo inferiores en mais de 10 unidades porcentuais a derradeira oferta media (33,39%), e segue polo tanto incurrido en temeridade, todo elo de acordo co indicado no seguinte cadro.

EMPRESA	OFERTA (oferta en %)	OFERTAS TEMERARIAS
Federación de salvamento e socorrismo de Galicia	194.000 (10,42 %)	
Podium Gestión Integral S.L.	191.329,45 (11,66%)	
Barbatana S.L.	190.971 (11,82%)	
Hebe Sport S.L.	53.950 (75,09%)	Superior ao 32,90%
Eulen S.A.	159.600 (26,31%)	
Seforgasa S.L.	208.553,28 (3,70%)	
Ebone Servicios Educación Deporte S.L.	168.709,81 (22,10%)	
Serviplus total S.L.	156.000 (27,97%)	
A Billarda S.L.	44.990 (79,23%)	Superior ao 32,90%
Patarruxo Lecer e Tempo Libre S.L.	197.080,76 (9,00%)	
Esproade S.L.	185.900 (14,16%)	
Cruz Roja Española	198.437,29 (8,37%)	
Aunar Group 2009 S.L.	181.920,48 (16,00%)	
Move Servicios de Ocio y Deporte S.L.	171.800 (20,67%)	
Emsebur S.L.	192.749,32 (11,00%)	
Axiña Servicios Deportivos S.L.	175.546,14 (18,94%)	
Media aritmética ofertas	166.971,10 (22,90 %)	Superiores ao 32,90%

Nota: Dado que existen ofertas que son superiores á media aritmética en mais de 10 unidades porcentuais, calculase unha nova media coas ofertas que non se encontran en este suposto (art. 85.4 RXLAP).

EMPRESA	OFERTA (oferta en %)	SEGUNDO LIMITE TEMERARIAS	OFERTAS
Hebe Sport S.L.	53.950 (75,09%)	Superiores ao 43,39%	
Eulen S.A.	159.600 (26,31%)		
Ebone Servicios Educación Deporte S.L.	168.709,81 (22,10%)		
Serviplus total S.L.	156.000 (27,97%)		
A Billarda S.L.	44.990 (79,23%)	Superiores ao 43,39%	
Esproade S.L.	185.900 (14,16%)		
Aunar Group 2009 S.L.	181.920,48 (16,00%)		
Move Servicios de Ocio y Deporte S.L.	171.800 (20,67%)		
Axiña Servicios Deportivos S.L.	175.546,14 (18,94%)		
Media aritmética ofertas	144.268,49 (33,39 %)	Superiores ao 43,39%	

Considerando esta circunstancia, a mesa de contratación acorda requirir aos licitadores Hebe Sport e A Billarda para que no prazo de 5 días naturais presenten a documentación que consideren precisa acreditativa da baixa formulada, sendo, entre outros, criterios para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o licitador no trámite de xustificación, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- *Axeitada xustificación dos prezos ofertados.*

2º.- *Volume de actividade xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.*

3º.- *Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.*

E para que así conste estendese a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.

Concello de AMES
 Pl. do Concello, nº 2. Ames (Lugo)
 15220 Ames (Lugo)
 Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 023